

Feira Franca. Programa 2026

Vinculadas ás xentes que camiñaban, andaban ao xornal, feireaban e a tantos outros gremios de traballo, naceron as casas de xantar, as pousadas e outros lugares de acubillo. Pero as tabernas... Ai, as tabernas!

As tabernas naceron para a xolda, para a festa, para o convívio, para os amores prohibidos e tamén para os que non o foron tanto. Naceron para ese intre no que un corpo canso precisa sentar, un corazón roto precisa falar e unha alegría grande precisa saír berrando pola porta.

As tabernas forman parte do noso ADN como pobo falanguero que somos. Nelas celebramos a vida e, ás veces, tamén lamentamos ter que vivila. Nelas botamos aturuxos ata que treme o tellado, e choramos coa morriña dun amor perdido. Nelas procuramos a derradeira fecha antes de marchar, e probamos a nova colleita coa urxencia de quen sabe que o tempo lle escorre entre os dedos.

Ai, os taberneiros e as taberneiras! Que sería daqueles que non teñen quen os escoite, quen os aconselle, quen lles ceda un anaquíño de terra onde amarrar a porto? Que sería daqueles que case non son ata que alguén os chama polo alcume? Porque nas tabernas un entra co nome que trae da casa, pero queda co nome que lle pon o pobo. E así nacen as familias que non venen no libro de familia, pero que se recoñecen ao primeiro berro, ao primeiro vaso, ao primeiro "o de sempre". Na Boa Vila, as tabernas dan de beber a quen pasa, dan conversa a quen cala, dan calor a quen vén do frío e abren as súas portas para facernos casa. As tabernas, os taberneiros e as taberneiras están de celebración nesta Feira Franca.

A elas, ao seu bo facer. A elas, alícerces da festa pura. A elas, fachos no trebón. A elas, lugares de maxia, de lume, de abrigo e de desorde bendita. A elas lles dedicamos esta festa, como non podía ser doutra maneira. Porque onde hai taberna, hai historia. Onde hai taberna, hai memoria. Onde hai taberneiro, hai oficio. E onde hai xente arredor dunha mesa, cun vaso erguido e unha risa prendida na boca, hai pobo. Xente de Pontevedra, feirantes, veciñanza, visitantes, xente falanguera toda: ergamos o vaso, abramos a gorxa e celebremos o que fomos, o que somos e o que seguiremos sendo. Que soe a música, que corra o viño, que se enchan as rúas, que prenda a festa! E que viva a Feira Franca! Que vivan as tabernas! E que vivan os taberneiros e taberneiras da Boa Vila!

Venres 4 de setembro

XORNADA INAUGURAL

19.00 h **Pregoeiros a cabalo** anuncian o comezo da XXV edición da Feira Franca polo Centro Histórico.

22.00 h **Espectáculo inaugural da Feira Franca: As Tabernas.** Compañía *Pablo Méndez Performance*, praza da Ferraría.

Sábado 5 de setembro

DÍA DA FEIRA FRANCA

11.00 h **Desembarco** na ponte do Burgo da cervexa do Ollo Redondo.

11.30 h **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (prazas da Ferraría, da Pedreira e do Peirao).

12.00 h **Recreación do transporte do viño.** *Asoc. Recreativa de Xeve, A Xanela do Maxín, Troula, Duos Pontes*; con música e representacións. Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.

12.30 h **Cantar de cego e música medieval.** *Foula*, Centro Histórico.

12.30 h Demostración e obradoiros de **esgrima.** *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

13.00 h **As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce.** *Grupo Adarve*, Centro Histórico.

13.00 h **Tiro con arco.** *Boa Vila*, Montero Ríos.

17.00 h Demostración e obradoiros de **esgrima.** *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

17.30 h **Gran torneo medieval.** *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; portas 2, 3 e 6.

17.30 h **Pasarrúas Os Vikingos do Valhalla.** Compañía *La Fiesta Escénica*, Centro Histórico.

18.00 h **Cantar de cego e música medieval.** *Foula*, Centro Histórico.

18.00 h **A galiña dos ovos de ouro.** *Art Monium.*

18.00 h **Os bufóns e trobadores.** *Troula.*

18.00 h **Música e bailes medievais.** *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, Peregrina.

18.30 h **Tiro con arco.** *Boa Vila*, Montero Ríos.

18.30 h **As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce.** *Grupo Adarve*, Centro Histórico.

19.00 h **Pasarrúas Os Vikingos do Valhalla.** *La Fiesta Escénica*, Centro Histórico.

19.00 h **Contacontos a Corsaria Lola.** *Pedreira.*

19.30 h **Pasarrúas: Art Monium e O Gran Dragón.** Centro Histórico.

20.00 h **Gran torneo medieval.** *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; portas 2, 3 e 6.

20.00 h **As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce.** *Grupo Adarve*, Centro Histórico.

21.00 h **Cantar de cego e música medieval.**

21.30 h **Pasarrúas: Os Vikingos do Valhalla, Errantes e A Santa Compañía.** Centro Histórico.

Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría 2. Praza da Leña 3. Praza do Teucro [azougue] 4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus] 5. Praza da Pedreira 6. Praza da Verdura [feira] 7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba] 8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu] 9. Igrexa de Santa María 10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos] 11. Ponte do Burgo 12. Avda. de Santa María [eirado das torres] 13. Xardíns de Casto Sampedro 14. Avda. de Montero Ríos 15. Praza de Touros 16. As Palmeiras 17. CITA [torres arcebispaís]

Leva un recorde de balde

Diario de Pontevedra. Raíña Vitoria. De 12.00 a 14.00 e de 15.00 a 18.30 h

Fogos para nenas e nenos

RAÍÑA VITORIA. CASTELO MEDIEVAL

De 11.00 a 21.00 h Carruseis medievais para a cativada

De 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h Circuito de xogos

PONTE DO BURGO

De 12.00 a 21.00 h Xogos tradicionais

PRAZA DA PEDREIRA

De 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00 h Obradoiros creativos

De 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h Ludoteca medieval

19.00 h Contacontos a Corsaria Lola

PRAZA DE ESPAÑA

De 11.00 a 21.00 h Carruseis medievais

A partir das 12.00 h Campamento medieval

Guía de actividades fixas

Asoc. Recreativa Xeve. Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregas e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo Couto de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes. Espectáculo de danza e música (Peregrina). Taberna medieval (parte posterior Concello).

Club Boa Vila de Tiro con Arco. Demostración de tiro con arco e competición. Gran Vía de Montero Ríos.

A.VV. Salcedo Norte. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos). Obradoiro de olaría. Praza da Ferraría.

Embarcacións tradicionais. Río Lérez

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial – Culturmar. Mostra de embarcacións tradicional e aderezos mariñeiros. Ponte do Burgo, visitas guiadas ás 13.00 h e ás 18.00 h; xogos para a cativada.

Mercados medievais

Mercado de ALIMENTACIÓN. Alameda, praza de España, avda. Montero Ríos, Ferraría, Pasantería e praza de Curros Enríquez.

Mercado de ARTESANÍA. Avda. de Santa María.

Mercado de demostración de OFICIOS e OBRADOIROS tradicionais. Prazas da Pedreira, da Ferraría e do Peirao.

Toneleiro, olaría, fiandeiras, redeiras, palilleiras, canteiros, sombreireiras, cesteiro, ferreiros, carpinteiro, torneiro de instrumentos, curtidor de peles, tallista, carpintaría de ribeira...

